



## CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

### I CONCURSO DE DESEÑO DE IMAXE PARA CALENDARIO MUNICIPAL 2021

As bases polas que se rexerá o Concurso de **DESEÑO DE IMAXE PARA CALENDARIO MUNICIPAL** son:

#### **Primeira**

O tema do deseño gardará relación con lugares emblemáticos, patriomonio cultural, natural, herdanza cultural, tradicións... do Concello de Irixoa. Poderan ser fotografías dixitais, imaxes creadas dixitalmente, montaxes fotográficas dixitais...

#### **Segunda**

O Concurso está dirixido a maiores de 13 anos estudantes no CPI Virxe da Cela ou empadroados en Irixoa.

#### **Terceira**

A participación deberá ser individual, de maneira que non se aceptarán imaxes de grupo ou colectivas. Valoraranse a presentación, o esforzo e a orixinalidade da presentación, así como a lingua e o contido da mensaxe.

#### **Cuarta**

Os deseños enviaranse por correo electrónico á [escolares.irixoa@gmail.com](mailto:escolares.irixoa@gmail.com) en formato jpeg, ou png, xunto cun formulario. Deberá ser algo que estea ou sexa representativo de Irixoa, podera conter ademáis una mensaxe en lingua galega.

#### **Quinta**

Aceptarase unha imaxe por participante.

#### **Sexta**

Os concursantes presentarán os deseños, **do 18 ao 30 de novembro**. No correo electrónico incluíranse os datos persoais: nome e apelidos, idade, teléfono de contacto e correo electrónico.



## CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

### **Sétima:**

O gañador/a, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo de 1 tablet por un valor de 250 €.

O día 2 de decembro o xurado dará a coñecer o gañador ou gañadora.

### **Oitava**

Avísarase ao gañador ou gañadora do día de entrega dos premios. Os menores de idade acudirán xunto cun proxenitor.

### **Oitava**

Coa aceptación do premio, o gañador consinte na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa. A imaxe gañadora será a que usará para realizar o calendario 2021 que cada ano entrega o Concello á veciñanza.

### **Novena**

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar ás imaxes presentadas a concurso para a súa publicación ou uso con fin publicitarios.

### **Décima**

O xurado estará composto por:

Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa

Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, animadora sociocultural

Vogal: Juan Manuel Freire Golpe, concelleiro de Cultura e Educación

Vogal: Ana María Pampín Vieiro, técnica de deportes.

### **Undécima**

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.